Tempada Lírica da Coruña 15/16
Ciclo de inverno
Actividades paralelas

afundacion.org amigosoperacoruna.org

Amigos de la Ópera de A Coruña

//Afundación
Obra Social ABANCA

CICLO DE CINEMA

El hombre de La Mancha
18 de xaneiro | 19.00 h

EEUU, 1972. Arthur Hiller.
Con Sophia Loren e Peter O'Toole.
VSO

Con motivo do 400 aniversario do pasamento de Cervantes, a Tempada Lírica rende homenaxe ao escritor coa proxección deste musical, levado ao cinema por Arthur Hiller e protagonizado por dúas estrelas da época, Sophia Loren e Peter O'Toole.

Macbeth
25 de xaneiro | 19.00 h

Francia, 1987. Claude D'Anna.
Con Leo Nucci, Shirley Verrett, Samuel Ramey.
VSO

No 400 aniversario da morte de Shakespeare, recuperamos a versión cinematográfica da ópera de Verdi baseada no drama homónimo do autor inglés, con Leo Nucci e Shirley Verret como protagonistas.

De-Lovely
1 de febreiro | 19.00 h

EEUU, 2004. Irwin Winkler.
Con Kevin Kline, Ashley Judd, Diana Krall.
VSO

Como anticipo ao recital que a soprano norteamericana Lise Linsdtrom ofrecerá o 13 de febreiro na Tempada Lírica, recuperamos esta biografía sobre o compositor Cole Porter, autor dalgunhas das máis célebres cancións do século XX.

Salomé
8 de febreiro | 19.00 h

EEUU, 1953. William Dieterle.
Con Rita Hayworth, Stewart Granger, Charles Laughton.
VE

Anticipándonos á próxima estrea na Coruña da ópera de Richard Strauss, poderemos gozar deste clásico dos anos 50 protagonizado por dous dos máis fascinantes actores de Hollywood, Rita Hayworth e Charles Laughton.

CICLO DE PROXECCIÓNS

La parténope
13 de xaneiro | 19.00 h

De Leonardo Vinci.
Con Sonia Prina, Maria Grazia Lo Schiavo, Pino de Vittorio, Borja Quiza...
I Turchini de Antonio Florio. Dirección musical: Antonio Florio. Dirección Escénica. Gustavo Tambascio.

Con motivo da estrea en Galicia dentro da Tempada Lírica de La *Parténope* de Händel, poderemos gozar desta ópera que sobre o mesmo argumento compuxo Leonardo Vinci.

Elektra
20 de xaneiro | 19.00 h

De Richard Strauss.
Con Leonie Rysanek, Astrid Varnay, Dietrich Fischer-Dieskau...
Filharmónica de Viena. Dirección musical: Karl Böhm. Dirección escénica: Götz Friedrich.

Como anticipo á estrea de *Salomé*, proxectarase outra das grandes obras mestras de Strauss, *Elektra*, na aclamada versión dos directores Götz Friedrich e Karl Böhm, para algúns nunca superada.

I Capuleti e I Montecchi
10 de febreiro | 19.00 h

De Vincenzo Bellini.
Con Patrizia Ciofi, Clara Polito, Danilo Formaggia. Dirección musical: Luciano Acocella. Dirección escénica: Denis Krief.

O «Ano Shakespeare» permitiranos explorar as relacións entre o gran escritor e a ópera. Bellini compuxo o seu *I Capuleti e I Montecchi* baseándose na inmortal obra *Romeo e Xulieta*.

Falstaff
24 de febreiro | 19.00 h

De Giuseppe Verdi.
Con Renato Bruson, Leo Nucci, Katia Ricciarelli... Produción da Royal Opera House Covent Garden de Londres.
Dirección musical: Carlo Maria Giulini.
Dirección escénica: Ronald Eyre.

A última gran creación de Verdi para a escena foi esta homenaxe a Shakespeare e a un dos seus personaxes máis fascinantes, o vello Falstaff.

RECITAL

«Outras voces, outros ámbitos»
2 de marzo | 20.00 h

La flor de la canela
Cancións peruanas e romanzas de zarzuela

Andrés Veramendi, tenor

Ludmila Orlova pianista

O ciclo «Outras voces, outros ámbitos» da Tempada Lírica coruñesa presenta o tenor Andrés Veramendi cun programa en que interpretará algunhas das cancións máis recoñecidas do seu país, como *La flor de la canela*, xunto a romanzas de zarzuela. Veramendi será ademais un dos protagonistas da ópera *Salomé* de Strauss.

CONFERENCIA

«En torno a Salomé»
12 de febreiro | 20.00 h

Con motivo da estrea na Coruña de *Salomé*, a obra mestra de Richard Strauss, Afundación acolle esta actividade en que se analizará unha das obras fundamentais do teatro musical do século XX. Ao día seguinte, o Palacio da Ópera acollerá a versión en concerto desta ópera cun reparto de primeiras figuras internacionais, encabezado pola aclamada soprano norteamericana Lise Lindstrom.

//Afundación
Obra Social ABANCA

Sede Afundación
Cantón Grande, 8 - A Coruña
981 185 060
afundacion.org

Todas as actividades son de acceso
libre ata encher capacidade

Amigos de la Ópera de A Coruña

CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

XUNTA DE GALICIA

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Deputación DA CORUÑA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · inaem